


2009-2010



PLAN DE ORIENTACIÓN

C.E.P. PILAR MAESTÚ SIERRA

ÍNDICE

1. - INTRODUCCIÓN
2. - XUSTIFICACIÓN
 - 2.1.- Xustificación baseada na lexislación actual
 - 2.2.- Xustificación baseada no contexto
 - 2.3.- Xustificación baseada nas necesidades dos centros
3. - COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO, RECURSOS MATERIAIS, DISTRIBUCIÓN HORARIA E NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO
 - 3.1.- Composición do Departamento
 - 3.2.- Distribución horaria
 - 3.3.- Recursos Materiais
 - 3.4.- Normas xerais de funcionamento na atención ao alumnado con n.e.a.e.
4. - OBXECTIVOS
 - 4.1.- Co centro
 - 4.2.- Co alumnado
 - 4.3.- Co profesorado
 - 4.4.- Coas familias
 - 4.5.- Con outros
5. - PLANIFICACIÓN XERAL DAS ACTUACIÓNS
 - 5.1. - *Plan de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe*
 - 5.1.1.- Programa de atención ao alumnado con n.e.a.e.
 - 5.2. - *Plan de apoio á acción titorial*
 - 5.2.1.- xustificación
 - 5.2.2.- obxectivos
 - 5.2.3.- actividades
 - 5.2.4.- metodoloxía
 - 5.2.5.- programas de intervención do PAT
 - 5.2.5.1.- PROGRAMA DE ED. EMOCIONAL, EN VALORES E DE RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS
 - 5.2.5.2.- PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO DAS TÉCNICAS DE ESTUDO E ESTRATEXIAS DE APRENDER A PENSAR
 - 5.2.5.3.- PROGRAMA DE COMPRENSIÓN LECTORA
 - 5.3. - *Escola de Familia*
 - 5.4. - *Accións a desenvolver polo DO incardinadas no Plan de Autoavaliación e Mellora da Calidade Educativa "Atención á diversidade e educación emocional como estratexias de calidade"*
6. - ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN
7. - TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO
8. - AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN
9. - PROGRAMACIÓNS DE AUDICIÓN E LINGUAXE E PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

1. -INTRODUCCIÓN:

O Plan de Orientación entendémolo como o documento que recolle a planificación do conxunto de actividades a realizar no centro no curso académico 2009-2010, no campo da orientación educativa.

Entendemos a Orientación psicopedagóxica como o proceso de axuda e acompañamento continuo a todas as persoas, en todos os seus aspectos, co obxecto de potenciar a PREVENCIÓN e o DESENVOLVEMENTO HUMANO ao longo de toda a vida. Esta axuda realízase mediante a intervención profesionalizada baseada en principios científicos e filosóficos.

Este é o termo que se axusta á realidade profesional e ao contexto social actual. As materias curriculares ordinarias teñen como obxectivo dar a coñecer ao alumnado o mundo que o rodea, son como unha fiestra aberta ao mundo, pero é ademais necesario un espello no que poidan verse e coñecerse a sí mesm@s.

As materias son as "fiestras" e a Orientación é como un "espello" que complementará o anterior de cara ao desenvolvemento da personalidade d@ nen@.

Por iso, o noso modelo de diagnose - intervención é o MODELO ESTRATÉXICO-HUMANISTA, fundamentado dende o ámbito cognitivo na Teoría PASS e dende o punto de vista emocional na Teoría dos Comportamentos Enmascaradores. As prácticas no ámbito da Orientación enmarcadas dentro deste modelo non só afectan a este ámbito senón que implican cambios a nivel de centro e de conceptualización da intelixencia, entendida non só dende un punto de vista cognitivo senón tamén dende o punto de vista emocional.

Sen lugar a dúbidas a atención á diversidade constitúe o mellor indicador da posta en marcha de principios de calidade e equidade na educación, e un eixo fundamental dentro da orientación Psicopedagóxica. Deste xeito na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de Maio, de educación, así se contempla e se inclúen como principios básicos proporcionar a calidade da educación a todo o alumnado independentemente das súas condicións e circunstancias, e a equidade que garanta a igualdade de oportunidades.

Así a LOE no seu preámbulo dí: "A axeitada resposta educativa a tod@s @s alumn@s concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente deste xeito se garante o desenvolvemento de tod@s, se favorece a equidade e se contribúe a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abrangue a todas as etapas educativas e a tod@s @s alumn@s. É dicir, trátase de contemplar a diversidade do alumnado como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos".

É necesario comprender que todas as persoas son diversas e que só na medida en que a intervención educativa se adecúe ás peculiaridades individuais de cada unha delas, o seu proceso educativo resultará satisfactorio. É obxectivo da educación conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades individuais e sociais; intelectuais, culturais e emocionais para o que necesitan recibir unha educación adaptada ás súas necesidades. É preciso garantir unha igualdade efectiva de oportunidades, ofrecendo os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o requira como aos centros nos que se escolariza. En definitiva, o obxectivo é lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, conciliando a calidade da educación coa equidade.

Concíbese a atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Este conxunto de medidas e accións implicarán a toda a comunidade educativa, converténdose nun dos eixos vertebradores da práctica docente, o que implica realizar propostas curriculares e/ou organizativas que contemplan a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

2. -XUSTIFICACIÓN:

2.1. -XUSTIFICACIÓN BASEADA NA LEXISLACIÓN ACTUAL:

Para a elaboración do presente Plan de Orientación debemos ter en conta o que a lexislación actual establece ao respecto, isto é, a normativa que regula a orientación na Comunidade Autónoma de Galicia, e que é a que segue:

- LOE. Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios e educación primaria.
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.

Do mesmo xeito o presente plan de orientación basearase nas directrices xerais establecidas na Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan as instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2009-2010.

Na recente Lei Orgánica de Educación, establécense no seu artigo 1 coma un dos principios do sistema educativo a orientación educativa e profesional d@s estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha **educación integral en coñecementos, destrezas e valores**. Así como unha educación que se basee na **educación das emocións e dos sentimentos** (Ed. Emocional).

Así mesmo no artigo 91 referido ás funcións do profesorado; establécese coma unha función do mesmo a titoría d@s alumn@s, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias, así como a orientación educativa, académica, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados.

Centrados no eido educativo, o Departamento de Orientación debe compaxinar a acción directa e indirecta sobre @ alumn@. É dicir, a función d@ orientador/a non se pode limitar á consulta senón que debe adoptar un enfoque máis comprensivo, que se articule en torno do modelo de programas potenciado polo modelo de consulta, sen esquecer a intervención individualizada naqueles casos en que resulta indispensable. É o que se pode denominar un modelo psicopedagóxico, no que a Xefatura do Departamento convértese en consultora e formadora de profesor@s, consultora e formadora de familias e consultora da propia organización educativa. Na dinamizadora da acción orientadora de todo o profesorado,

facilitando as competencias axeitadas e a implicación e formación necesaria aos distintos axentes educativos.

Todo o apuntado ata aquí , será a base legal e teórica que sustentará a nosa actuación orientadora no C.E.P. Pilar Maestú Sierra e nas catro escolas unitarias que este Departamento ten adscritas (EEI Angustia, EEI Conchido, EEI A Granxa, e EEI Vilariño) durante o curso académico 2009-2010.

2.2.-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO:

O *C.E.P. Pilar Maestú Sierra* ubícase en Cadreche, Posmarcos, na Pobra do Caramiñal. Escolariza alumnado procedente das distintas poboacións próximas na etapa de Educación Primaria. No presente curso académico 2009-2010 hai 6 unidades de Educación Primaria.

Ainda que dentro da lóxica diversidade de situacións nun colectivo numeroso, constatamos que as familias dos nosos alumnos pertencen a un nivel socioeconómico medio-baixo e baixo, polo que a atención á diversidade será un dos retos fundamentais aos que como centro e dende o campo da Orientación Educativa temos que enfrontar con esforzo.

Pero, non só este Departamento de Orientación, ten que dar resposta ás necesidades específicas de apoio educativo deste centro, senon que debemos ter en conta as que existen nos outros catro centros adscritos que este departamento ten: a E.E.I. Conchido, a E.E.I. Angustia, a E.E.I. A Granxa e a E.E.I. Vilariño.

A *E.E.I Conchido*, está ubicada no lugar da Ribeiriña e escolariza 8 alumn@ da etapa de Educación Infantil, de tres, catro e cinco anos, tod@s el@s agrupad@s nunha mesma unidade e cunha soa mestra. Compre ter en conta que no centro está escolarizada una nena con Síndrome de Maullido do Gato asociada a unha cardiopatía conxénita.

Pola súa banda, na *E.E.I. Angustia*, ubicada no lugar do Campo-Angustia, atópanse escolarizad@s un total de 18 nen@ de tres, catro e cinco anos, cunha mestra de Ed. Infantil. Conta tamén con alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo centradas fundamentalmente na linguaxe oral, así como algunha falta de adquisición de hábitos básicos propios da etapa de Educación Infantil e outras dificultades centradas na atención.

Na *E.E.I. A Granxa*, no lugar de Santa Cruz, están escolarizad@s 7 alumn@s de tres, catro e cinco anos, agrupad@s tamén nunha mesma unidade e cunha soa mestra aínda que atendida polas especialidades.

E para rematar, na *E.E.I. Vilariño*, no lugar do Maño-Xobre, están escolarizad@s 19 nen@s de tres, catro e cinco anos, existindo unha única nena de 5 anos. Significativo destacar que entre @s nen@s de tres anos hai un neno trilingüe con importantes dificultades para a comunicación.

2.3.-XUSTIFICACIÓN BASEADA NAS NECESIDADES DOS CENTROS:

A información relativa á detección das necesidades establecémosla, en primeiro lugar, en relación á análise dos documentos institucionais do centro, fundamentalmente a Memoria Anual do Departamento de Orientación do curso 2009-2010 e as memorias de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, así como as reunións xa realizadas polo Departamento e a análise dos expedientes de cada un d@s alumn@s do centro.

Esta análise non so terá lugar ao comezo do presente curso senón que será unha actividade continua ao longo do mesmo, a fin de podernos recoller todas as inquiredanzas e opinións do profesorado. A vía de comunicación fundamental será en primeiro lugar ao través

de consulta para as nais e pais, e que están a disposición das familias e que se ofertará aos participantes na "Escola de Familia" que se poñerá en funcionamento no presente curso académico, en conxunto coa E.E.I. Fernández Varela, tamén dependente deste Departamento de Orientación.

3.4.-Normas xerais de funcionamento na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo:

Para que o Departamento de Orientación dea resposta ás necesidades específicas de apoio educativo ha de seguirse o seguinte proceso:

3.4.1. Detección. O proceso é o seguinte:

* O profesor e/ou o titor/a, no desenvolvemento das diversas accións que implica a avaliación continua, detecta necesidades educativas (retrazo, alteracións, dificultades, problemas...) nalgún/s ámbitos de desenvolvemento nun alumno determinado.

- Recopila información: observación, informes, avaliación inicial, traballos...
- Intercambia información coa familia.
- Tenta dar resposta ás necesidades que existen no centro con medidas ordinarias de forma normalizada.
- Se o consegue, pecha o ciclo de detección.
- Se non o consegue, demanda colaboración ao Departamento de Orientación (a través dun modelo de solicitude de intervención do D.O), no caso de que éste precise asesoramento para realizar esta avaliación psicopedagóxica solicita a intervención do E.O.E. (Equipo de Orientación Específico de A Coruña), quen valora o caso (concretado nun Informe Psicopedagóxico -resumo da avaliación psicopedagóxica realizada- cando se dan as condicións establecidas na Orde do 31 de Outubro de 1996), e determina as medidas educativas a adoptar en función de que o alumno corresponda ao apartado 3.4.2 ou 3.4.3. Os pais estarán informados das medidas dispostas.

* A detección de necesidades tamén pode ser realizada pola familia, quen informa das necesidades detectadas no ámbito familiar e se aplicaríase entón o mesmo procedemento anterior dende a titoría ou dende o propio Departamento de Orientación.

- Se as necesidades detectadas precisan Adaptacións Curriculares Significativas (ACS), elaborárase un D.I.A.C onde se recollan as modificacións e o tipo de atención.

- Neste proceso identifícase o seguinte tipo de alumnado:

3.4.2. Alumnado sen necesidades específicas de apoio educativo, pero que, por diversas razóns manifestan:

- Ter desfase con respecto ao seu grupo, de forma temporal, nas técnicas instrumentais.
- Ter problemas no ritmo de aprendizaxe

3.4.3. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo:

Serán aquel@s que, ademais das axudas habituais, necesitan recibir outro tipo de axudas pedagóxicas e/ou servizos menos usuais. As necesidades xurden como consecuencia da distinta adaptación, ou falla de adaptación, do alumnado ao ritmo e tipos de aprendizaxes do grupo ao que se adscriben. Consideramos dous tipos:

3.4.3.2. N.E.E TEMPORAIS.

Serán as que nun proceso continuo de observación, esixen a adaptación dunha parte do currículo ás características que presenta un alumn@ nun momento do seu desenvolvemento. Podemos asimilalas ás "dificultades de aprendizaxe" e teñen carácter transitorio. Consideramos as seguintes:

- Necesidades no desenvolvemento das funcións superiores
- *No desenvolvemento motor*
 - Integración do esquema corporal
 - Condutas motrices básicas
- *No desenvolvemento perceptivo*
 - Na percepción visual
 - Na percepción auditiva
- *No desenvolvemento lingüístico*
 - Na fono-articulación
 - No nivel comprensivo
 - No nivel expresivo
- *No desenvolvemento lóxico-conceptual*
 - Nas formas e cores
 - Nos conceptos básicos
 - Nas operacións lóxicas
- *No desenvolvemento socio-afectivo*
 - No desenvolvemento persoal
 - No desenvolvemento social
 - Necesidades no desenvolvemento na aprendizaxe das técnicas básicas
 - Na aprendizaxe da lectoescritura
 - Nas aprendizaxes matemáticas
 - Necesidades na aprendizaxe das técnicas de traballo intelectual
 - Nos hábitos de estudo
 - Nas técnicas de estudo
 - Noutras técnicas de traballo intelectual

3.4.3.3. -N.E.E. PERMANENTES

Serán as que esixan unha adaptación xeneralizada do currículo escolar ás características dun alumn@ e que suporán que se manteña a atención durante todo ou a gran parte do seu desenvolvemento escolar. Fan referencia a n.e.e. de suxeitos con significativas alteracións no seu desenvolvemento. Distinguimos:

- Necesidades de carácter intelectual
- Necesidades de carácter sensorial
- Necesidades de carácter físico-motórico
- Necesidades de carácter afectivo-emocional
- Necesidades de carácter sociocultural

4. -OBXECTIVOS:

A orientación educativa e a intervención psicopedagóxica defínense en relación cuns determinados obxectivos, que están directamente relacionados con tres ámbitos fundamentais de actuación que son os que se relacionan a continuación:

4.1.- Co centro:

1. Seguir desenvolvendo o Plan de Acción Titorial que dea resposta ás necesidades do centro e que estará directamente relacionado coas propostas establecidas no Plan de Autoavaliación e Mellora que imos realizar neste curso académico 2009-2010.
2. Elaborar as propostas do Plan de Orientación do Departamento.
3. Desenvolver o Plan de Acción Titorial, cos programas deseñados para o alumnado e que se levarán a cabo nas sesións de titoría, así como aqueles de realización directa por parte da Orientadora.
4. Asesorar nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
5. Participar no deseño e desenvolvemento das medidas de atención á diversidade que se determinen.
6. Participar na avaliación das necesidades específicas de apoio educativo no ámbito da orientación.
7. Elaborar a Memoria do Departamento.

4.2.- Co alumnado:

1. Potenciar a orientación a tod@s @s alumn@s.
2. Realizar a avaliación psicopedagóxica d@s alumn@s que a requiran, dende un modelo de diagnóstico cognitivo-emocional.
3. Facilitar apoio para afrontar os momentos decisivos ou de maior dificultade: ingreso no centro, cambio de etapa.
4. Proporcionar atención individualizada ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, fundamentalmente nos aspectos referidos a unha intervención emocional.
5. Intervir na resolución de conflitos de relación interpersonal d@s alumn@s, co fin de pór en marcha o establecido no Plan de Convivencia do noso Centro, unha resolución pacífica de conflitos que teña como base o diálogo e onde a mediación sexa o proceso a seguir para chegar á resolución pacífica dos mesmos.

4.3.- Co profesorado:

1. Informar sobre o resultado da avaliación psicopedagóxica dos alumnos.
2. Impulsar a coordinación das actividades de titoría, elaborando propostas de programas de actividades.
3. Asesorar e facilitar recursos para o desempeño e desenvolvemento do Plan de Acción Titorial.
4. Asesorar en cuestións prácticas de atención á diversidade.
5. Participar na elaboración das adaptacións curriculares, así como nos programas de intervención que se determinen para @s nen@s con necesidades específicas.
6. Colaborar na detección de problemas educativos ou de aprendizaxe que presenten @s alumn@s.
7. Orientar en relación con actividades e procesos de avaliación formativa, reforzo pedagóxico, adaptación curricular e promoción de alumn@s.

8. Demandar colaboración nas actividades promovidas polo departamento.

4.4.- Coas familias:

1. Cooperar na relación titores-familias para a solución de problemas que afectan aos seus fill@s.

2. Orientar ás familias en forma individual ou colectiva para que asuman responsablemente a educación e orientación d@s seus fill@s.

3. Demandar colaboración para as actividades promovidas polo departamento.

4. Por en marcha e desenvolver ao longo do curso a "Escola de Familia" como un lugar de encontro que dea resposta as inquedanzas das familias con respecto á educación d@s nen@s.

4.5.- Con outros:

1. Cooperar cos membros do Equipo de Orientación Específico da Coruña en actividades e programas de orientación, así como de intervención e diagnóstico do noso alumnado.

2. Establecer relacións co Concello, fundamentalmente a través das concellerías de educación e de servizos sociais.

3. Establecer relacións de colaboración con Asociacións que axuden ao desenvolvemento de certas capacidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

4. Establecer canles de coordinación co Departamento de Orientación do I.E.S. da Pobra, para facilitar o tránsito do alumnado entre estas dúas etapas educativas.

5.-PLANIFICACIÓN XERAL DAS ACTUACIÓNS:

Tal e como se establece na lexislación actual vixente o Plan de Orientación parte das medidas de atención á diversidade que na mesma se contemplan e das reflectidas no Proxecto Educativo de Centro. Dende este punto de vista dito Plan de Orientación debe comprender tres ámbitos de actuación fundamentais: Plan de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe, Plan de apoio á acción tutorial e o Plan de orientación académica e profesional (ámbito este último que obviaremos dadas as ensinanzas desta escola).

Tal e como establece a circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan as instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional nas ensinanzas escolares de Galicia antes citadas, as liñas prioritarias de actuación son as seguintes:

✓ Promover a convivencia así como a resolución pacífica de conflitos no marco dunha escola plural desenvolvendo as accións oportunas.

✓ Asesorar, colaborar e incorporar contidos relacionados coa aprendizaxe emocional, dinámica de grupos e igualdade real entre homes e mulleres, reflectidas no plan de acción tutorial.

✓ Identificar de forma temperá as necesidades, revisar e/ou modificar as medidas de apoio ou reforzo que estea a recibir o alumnado, e establecer canles de colaboración entre orientadores-as dos centros de primaria e secundaria da mesma zona; todo iso enmarcado no campo da atención á diversidade.

✓ Participación e implicación das familias na vida do centro e na educación d@s seus fill@s.

Tendo en consideración que este é un Departamento de Orientación de centros das etapas de Educación Infantil e Primaria, as actividades propostas no mesmo abrangerán so dous dos ámbitos de actuación e que son os que seguen:

- Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Apoio á acción tutorial.

5.1. -PLAN DE APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE.

O Departamento de Orientación impulsará a orientación educativa no campo do ensino-aprendizaxe para tod@s @s alumn@s do centro, se ben prestando unha atención particular ás pautas de actuación pedagóxica co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A atención á diversidade constitúe un reto necesario de resposta de educación de calidade de todo centro escolar. O concepto de diversidade evolucionou a medida que a escola pasou de modelos segregacionistas e limitadores para dar paso a unha escola integradora máis tolerante e inclusiva, na que se recoñece a heteroxeneidade como algo positivo e enriquecedor no marco da calidade total.

A atención á diversidade é un principio fundamental do actual modelo educativo que propón a LOE e é consecuencia dalgúns dos seus postulados esenciais que propugnan unha ensinanza comprensiva. Este principio demanda unha educación integradora que recoñeza a diversidade da poboación escolar e lle dea unha resposta axeitada.

Nese contexto, os proxectos institucionais dos centros cun modelo de calidade asumen, tanto a nivel conceptual coma metodolóxico e organizativo, *a diversidade como factor inherente a todo grupo humano, e concibe á persoa como sistema aberto e dinámico que afirma a posibilidade de transformación nunha dobre dirección: como desenvolvemento das súas potencialidades (ou intelixencia) e como modificador do entorno (familia e escola) no que se atopan.*

É esa mesma diversidade a que fai necesario un esforzo de adaptación da escola ás características persoais da poboación atendida. Os proxectos dos centros dan sentido ás actuacións e servizos que poidan precisar @s alumn@s, tendendo sempre ás situacións menos restritivas que posibiliten o acceso ao currículo a todo o alumnado, aceptando as diferenzas a todos os niveis para procurar dar respostas educativas xustas e acordes coas necesidades detectadas. Esta atención diversificada efectuarase para a maioría deles no ámbito das actuacións pedagóxicas que configuran a maneira habitual de proceder dos equipos educativos no centro e nas aulas. En ocasións, sin embargo, as necesidades educativas dalgúns alumn@s requirirán a adopción dunha serie de actuacións, tanto de carácter pedagóxico coma curricular e organizativo coma relativas á utilización de recursos específicos que difiren dos habituais.

O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivación, interese, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais, ...) constitúen o punto do que partimos para evitar que as diferenzas se convirtan en desigualdades e desvantaxes entre o alumnado.

Este obxectivo só é alcanzable se a aula ordinaria se convirte nun referente básico e **@ titor/a no eixe principal da resposta educativa á diversidade** e, singularmente, aos alumn@s con necesidades especiais. A responsabilidade non debe desprazarse d@ titor/a aos distintos profesionais, polo contrario, estes deben colaborar con aquel/a, dacordo coa proposta curricular, nun auténtico traballo interdisciplinar e de equipo. Os recursos precisos para esta acción educativa deben asegurar no posible, a atención singular aos alumn@s que precisen deles. Preténdese que os centros respondan diferencialmente á diversidade presente nas aulas.

O reto permanente consiste precisamente en ser quen de ofrecer a cada alumn@ a axuda pedagóxica que precise, axustando a intervención educativa a súa individualidade como persoa.

A realidade educativa actual é complexa, variable e acolle, como estamos vendo ata aquí, a un alumnado igualmente diverso. O principio de "Atención á diversidade" entendémolo da seguinte forma:

1.- As diferenzas individuais no proceso de aprendizaxe constitúen un aspecto da condición humana. A diversidade é, polo tanto, unha característica de tod@s @s alumn@s e non só dun pequeno grupo.

2.- Tod@s @s alumn@s necesitan axudas psicopedagóxicas ao longo da súa escolarización, ben sexan de tipo persoal ou técnico ou material, co obxecto de conseguir os fins da Educación. Polo tanto, o factor que marca as diferenzas debe facer referencia ao tipo e grao de axudas que precisan.

3.- As necesidades específicas de apoio educativo d@s alumn@s preséntanse sempre asociadas ás condicións persoais e particulares froito dunha interacción entre o individuo e o seu entorno físico-social-cultural.

5.1.1.-PROGRAMA DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO:

5.1.1.1.-Obxectivos:

Os obxectivos que se perseguen para este curso son os seguintes:

1. Colaborar co profesorado titor na avaliación inicial do alumnado que comeza a súa escolarización no centro, e realizar as avaliacións psicopedagóxicas que como consecuencia se consideren pertinentes.

2. Colaborar na prevención e detección de problemas e dificultades educativas que presenten @s alumn@s.

3. Asesorar e apoiar ao profesorado no campo da diversidade, contribuíndo ao desenvolvemento das diferentes vías de atención que están previstas na etapa de Educación Infantil e Primaria.

4. Atender directamente ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que se determine, naqueles casos nos que pola gravidade das súas necesidades así se considere necesario e tendo en conta a disponibilidad horario da Xefatura deste Departamento.

5. Facilitar ao profesorado técnicas e instrumentos relativos a hábitos de traballo e programas psicopedagóxicos específicos.

5.1.1.2.-Actividades:

5.1.1.2.1.-ACTIVIDADES PROPIAS DO DEPARTAMENTO:

As actividades que o departamento se propón realizar neste ámbito son, entre outras:

a) Participación na avaliación inicial d@s alumn@s para coñecer as súas aptitudes, actitudes e intereses.

b) Asesoramento e ofrecemento de recursos á comunidade educativa, que favorezan a posta en práctica de medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precisa o alumnado.

c) Colaboración c@s maestr@s do centro na adopción de medidas curriculares (actividades de recuperación, reforzo educativo, adaptacións curriculares).

d) Avaliación psicopedagóxica individual de alumn@s con n.e.a.e.

e) Participar na elaboración das adaptacións curriculares para @s alumn@s con n.e.a.e. que as requiran.

f) Intervención directa con alumn@s con n.e.a.e., derivadas de problemas cuxa orixe é emocional.

g) Seguimento de alumn@s con n.e.a.e. participando no proceso de avaliación, co fin de determinar as modificacións pertinentes en canto ao seu proceso de aprendizaxe.

h) Asesoramento aos titor@s e ao profesorado en xeral na cumprimentación da documentación académica do alumnado, en especial do que recibe medidas de atención á diversidade.

i) Asesoramento individual aos pais d@s alumn@s, en todo aquilo que afecte á educación dos seus fill@s.

5.1.1.2.2.-ACTIVIDADES PROPIAS DA AULA DE APOIO:

➤ **Programa para mellorar a comprensión lectora:** Co fin de mellorar a velocidade e a comprensión lectora nos nen@s que presentan necesidades específicas de apoio educativo. Emprego do Programa Matel, así como de software educativo como o programa informático "Leer Mejor", "Aquari-Comprensión Lectora I e II". Do mesmo xeito empregaranse libros con caderniños de Lectura Eficaz que axudarán a mellora destes procesos, sen esquecer o traballo diario de actividades que impliquen o traballo da comprensión así como da expresión tanto oral como escrita.

Elaborarase tamén un programa de comprensión lectora para desenvolver en todas as aulas de Ed. Primaria, co fin de mellorar este aspecto no que moit@s nen@s amosan dificultades e que inflúe negativamente no seu rendemento académico a nivel xeral, tal e como se explicita máis adiante.

➤ **Programa para mellorar os procesos cognitivos básicos: Planificación, Simultáneo, Atención e Secuencial.** Para o traballo destes procesos cognitivos empregaremos algunhas estratexias específicas e ademáis empregaremos software educativo como o PPIC (Programa PASS de intervención cognitiva).

➤ **Programa de desenvolvemento das habilidades matemáticas básicas,** co fin de mellorar os procesos matemáticos básicos do alumnado do centro, e en especial d@s nen@s con necesidades específicas de apoio educativo.

➤ **Programa de desenvolvemento da comunicación empregando un sistema alternativo e aumentativo da comunicación.**

➤ **Programa de estimulación da linguaxe oral,** desenvolto pola mestra especialista de Audición e Linguaxe, na etapa de Educación Infantil, en dous dos centros compartidos de Educación Infantil.

➤ **Programa de intervención centrado na corrección das diferentes dislalias fisiolóxicas.**

5.2.-PLAN DE APOIO Á ACCIÓN TITORIAL: (recóllese so o índice do que será o desenvolvemento máis exhaustivo do PAT)

5.2.1.-Xustificación: A acción titorial está vinculada intrinsecamente á acción docente como un conxunto de accións articuladas en torno a esta, e que tentan contribuir á consecución dos grandes fins da educación e tamén, e polo tanto, aos obxectivos da etapa.

Destacar dentro do Plan de Orientación a función titorial é pór en primeiro plano as características da educación e dar máis peso ao carácter personalizado, individualizado, integral e diverso da ensinanza, fronte á parcelación por áreas e a desaparición do individuo no grupo segundo os principios de: personalización, individualización, integración e diversificación.

Tutoría, orientación e intervención psicopedagóxica integran o currículo, como oferta educativa dirixida a todos os aspectos da aprendizaxe e a maduración da personalidade dos alumnos/as.

5.2.2. -Obxectivos:

- Facilitar a integración d@s alumn@s no seu grupo e no conxunto da dinámica do centro.
- Potenciar o esforzo individual e o traballo en equipo.
- Contribuir á personalización do proceso educativo.
- Efectuar un seguimento global da aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades específicas de apoio educativo e recurrir aos apoios ou actividades axeitadas.
- Coordinar o proceso de avaliación asesorando sobre a promoción ou non de ciclo dende a propia Comisión de Avaliación.
- Coordinar o axuste das programacións ao grupo de alumn@s no referente ás respostas educativas diante das n.e.a.e..
- Implicar e comprometer ás familias en actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.
- Facilitar o desenvolvemento de hábitos de estudo e traballo.

5.2.3. -Actividades:

- Co alumnado:
 - Coñecer a situación de cada alumn@ no grupo, no centro e no seu ambiente sociofamiliar e intervir para favorecer a integración nos casos nos que sexa necesario
 - Recabar información sobre os antecedentes escolares e a situación persoal ou familiar de cada alumn@, a través de informes anteriores, expediente persoal, titor@s cursos pasados...
 - Analizar c@s demais maestr@s as dificultades escolares d@s alumn@s debidos a deficiencias instrumentais, problemas de integración e outros para a búsqueda dos asesoramentos e apoios necesarios.
 - Prácticas das técnicas de estudo.
 - Lectura de contos e traballo con eles mediante actividades planificadas que traten os valores que desexamos no noso alumnado
- Coas familias:
 - Reunións c@s nais e pais unha vez por trimestre para informalos sobre as pautas esenciais do noso traballo ao longo do curso 2009-2010 c@s alumn@s da aula.
 - Conseguir a colaboración d@s nais-pais en relación co traballo persoal d@ seu fill@: organización do tempo de estudo e tempo de descanso.
 - Entrevistas individuais para informar do desenvolvemento académico dos seus fill@s ou calquera outro aspecto da súa formación.
- Co equipo docente:
 - Coordinación dos diferentes programas no que se refire á planificación e avaliación.
 - Facilitar dende o Departamento de Orientación material que poida ser de axuda ao desenvolvemento do Plan de Acción Titorial.

○ Diseñar as actividades incardinadas no Plan de Autoavaliación e Mellora e que explicitaremos no punto 5.4. deste Plan de Orientación.

5.2.4. - Metodoloxía:

As actividades do PAT desenvolveranse a través das sesións semanais determinadas no horario, adicadas á adquisición dos contidos propios dos diferentes programas elaborados a tal efecto (Ex: Programa de Ed. Emocional, en valores e de resolución pacífica de conflitos, Programa de técnicas de estudo, entre outros)

5.2.5. - PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN DO PAT:

5.2.5.1. - PROGRAMA DE ED. EMOCIONAL, ED. EN VALORES E DE RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS:

PARA O C.E.P. PILAR MAESTÚ SIERRA

A) OBXECTIVOS:

- ☺ Favorecer a autonomía personal d@ nen@ aumentando a súa autoestima e a adquisición dun axeitado autoconceito de si mesmo.
- ☺ Mellorar a intelixencia interpersonal d@s nen@s, fomentando o dominio das habilidades sociais básicas, respecto aos demais, a comunicación receptiva e expresiva e a capacidade para compartir emocións.
- ☺ Tomar conciencia das principais emocións e sentimentos e tamén das dos demais, potenciando actitudes de tolerancia e respecto.
- ☺ Contribuir ao desenvolvemento da empatía como valor necesario para a sólida formación como persoas, nun proceso que vai dende o egoísmo e a individualidade cara logros colectivos mediante a suma de valores (ilusión, colaboración, esforzo, responsabilidade, solidariedade, ...) , que dan lugar ao progreso mediante o traballo en equipo e a construción entre tod@s dun futuro mellor.
- ☺ Adquirir habilidades para afrontar situacións de conflito que axuden a previr e superar determinadas situacións de crise.

B) CONTIDOS:

CONCIENCIA EMOCIONAL:

- * vocabulario emocional
- * identificación de emocións e sentimentos
- * recoñecemento de emocións e sentimentos dos demais
- * toma de conciencia do propio estado emocional

REGULACIÓN EMOCIONAL:

- * estratexias de regulación emocional: diálogo interno, reestruturación, asertividade...
- * regulación de sentimentos e impulsos
- * tolerancia á frustración

AUTOESTIMA:

- * noción de identidade e coñecemento dun mesmo
- * manifestación de sentimentos positivos cara un mesmo e confianza nas propias posibilidades.

- * valoración positiva das propias capacidades e limitacións
- * estilos de conduta e autoestima

 HABILIDADES SOCIO-EMOCIONAIS:

- * habilidades de relación interpersonal: expresividade, comunicación, cooperación e colaboración social
- * a empatía
- * relacións positivas cos demais
- * estratexias de resolución de conflitos
- * establecemento das relacións de grupo.

 HABILIDADES DA VIDA.

- * escoita de forma activa
- * desenvolvemento persoal e social
- * actitude positiva ante a vida
- * sentido do humor
- * percepción positiva e goce do benestar.

C) METODOLOXÍA:

Unha metodoloxía participativa favorece en primeiro lugar a motivación d@s nen@s. Se fomentamos o desenvolvemento de emocións positivas estaremos xerando n@ nen@ condutas positivas, xa que entendemos que as condutas negativas d@ nen@ son produto de emocións negativas e dunha motivación escasa.

Para favorecer ou levar a cabo esta metodoloxía participativa é preciso entender o traballo cooperativo como unha metodoloxía participativa propiciando a amizade entre @s compañeir@s. As técnicas de dinámica de grupos e a análise de situación conflictivas e a búsqueda de solución entre tod@s axudan a previr posteriores conflitos.

O papel d@ educador/a é o de mediador da aprendizaxe. Proporcionamos modelos de actuación que @ nen@ interioriza, motiva á participación e dinamiza ao grupo, proporcionando seguridade no momento de compartir experiencias, o que anima aos nen@s a obter información e descubrir o entorno. @ maestr@ dirixirá a súa acción cara as seguintes vertentes:

- ☺ Facer a aprendizaxe dinámica e operativa
- ☺ Descubrir e suscitar os intereses d@ nen@.
- ☺ Motivar ao nen@ para espertar o interese pola reflexión e o pensamento.

Pretendemos chegar a elaboración dun mapa emocional por parte d@s nen@s.

D) AVALIACIÓN: Para a avaliación deste programa empregaremos a seguinte táboa:

	CONDUTA OBSERVABLE	NOME	NOME							
Traballo en equipo	Amósase segur@									
	Gústalle a actividade, participa									
	Crea conflitos									

Relación cés compañeiros	Mantén relación dialogante, amigable, competitiva								
	Amósase tímide								
	Relaciónase con todes								
	É selectivo no trato								
Actitude xeral diante da actividade	Sempre opina								
	Respeta aos compañeiros								
	Exprésase con facilidade								
	Chama a atención								
	Distorsiona ao grupo								
	Cumpre as normas								
	Amosa iniciativa								
	Colabora								
	É pasivo								
	Pasa desapercibido								
Participación na reflexión	Respeto a quenda de palabra								
	Acepta a opinión allea								
	Escoita e debate ideas								
	Sempre opina, dirixe								
Clima da aula	Confianza								
	Receo								
	Competitividade								
	Colaboración								
Colaboración	Ofrécese								
	Só se se lle pide								
	Intenta non participar								

E) TEMPORALIZACIÓN

Curso académico 2009-2010.

PARA DESENVOLVER NAS E.E.I. ADSCRITAS

A) OBXECTIVOS:

✍ Coñecerse a sí mesm@ e valorarse expresando emocións e sentimentos coa palabra e o corpo, recoñecendo os propios gustos e preferencias, e fomentando o respecto e a confianza n@s demáis e en si mesm@.

✍ Recoñecer e responsabilizarse dos propios actos, asumindo responsabilidades e sendo quen de tomar decisións cunha actitude máis reflexiva e controlada.

✍ Desenvolver as habilidades sociais necesarias propias da pertenza a un grupo, que lles permitan resolver os seus problemas de relación e recoñecer os seus propios erros.

✍ Adquirir habilidades de traballo en grupo mediante xogos cooperativos.

✍ Aprender a respectar e comprender aos demáis, respectar a quenda de palabra, recoñecendo os sentimentos e emoción dos alleos, así como realizando críticas construtivas.

B) CONTIDOS:

✍ CONCIENCIA EMOCIONAL:

* vocabulario emocional

* identificación de emocións e sentimentos

* recoñecemento das emocións e sentimentos d@s demais

* toma de conciencia do propio estado emocional

✍ REGULACIÓN EMOCIONAL:

* regulación de sentimentos e impulsos

* tolerancia á frustración

✍ AUTOESTIMA:

* coñecemento de si mesm@

* manifestación de sentimentos positivos cara si mesm@ e confianza nas propias posibilidades.

* valoración positiva das propias capacidades e limitacións

* estilos de conduta e autoestima

✍ HABILIDADES SOCIO-EMOCIONAIS:

* habilidades de relación interpersoal

* relacións positivas cos demais

* establecemento das relacións de grupo.

✍ HABILIDADES DA VIDA.

* escoita de forma activa

* desenvolvemento persoal e social

C) METODOLOXÍA:

Unha metodoloxía participativa favorece en primeiro lugar a motivación d@s nen@s. Se fomentamos o desenvolvemento de emocións positivas estaremos xerando n@ nen@ condutas positivas, xa que entendemos que as condutas negativas d@ nen@ son produto de emocións negativas e dunha motivación escasa.

Para favorecer ou levar a cabo esta metodoloxía participativa é preciso entender o traballo cooperativo como unha metodoloxía participativa propiciando a amizade entre @s

compañeir@s. As técnicas de dinámica de grupos e a análise de situación conflitivas e a búsqueda de solución entre tod@s axudan a previr posteriores conflitos.

O papel d@ educador/a é o de mediador da aprendizaxe. Proporcionamos modelos de actuación que @ nen@ interioriza, motiva á participación e dinamiza ao grupo, proporcionando seguridade no momento de compartir experiencias, o que anima aos nen@s a obter información e descubrir o entorno. A mestra dirixirá a súa acción cara as seguintes vertentes:

- ☺ Facer a aprendizaxe dinámica e operativa
- ☺ Descubrir e suscitar os intereses d@ nen@.
- ☺ Motivar ao nen@ para espertar o interese pola reflexión e o pensamento.

As actividades plantexadas terán a seguinte estrutura:

- Unha situación de partida.
- Un conto que reflecta o que queremos traballar.
- Unha ou varias actividades presentadas en forma de ficha.
- Algunha dinámica de grupo para traballar o aspecto anteriormente relacionado.

D) AVALIACIÓN:

Para a avaliación deste programa empregaremos unha táboa deseñada para determinar a evolución desas habilidades básicas que imos aprender.

E) TEMPORALIZACIÓN

Curso académico 2009-2010.

5.2.5.2.-PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO DAS TÉCNICAS DE ESTUDO E ESTRATEXIAS DE APRENDER A PENSAR: (forma parte do PAT ademáis de incluírse como actividade dentro do Plan de Autoavaliación e Mellora da Calidade, desenvolvéndoo o Departamento de Orientación).

A) Xustificación:

Dende un enfoque construtivista da educación é importante considerar dentro do acto didáctico os procesos de ensinar a pensar e ensinar a aprender, xa que son mecanismos que favorecen o coñecemento dun mesmo, que axudan @ neno/a a identificarse e a diferenciarse dos demais.

Así @s nenos/as serían conscientes dos seus motivos e intencións, das súas propias demandas das tarefas académicas, chegando a ser capaces de controlar os seus recursos e regular a súa actuación posterior. Chegando tamén ao desenvolvemento das habilidades metacognitivas básicas que consisten na capacidade de autorregular a propia aprendizaxe, é dicir, planificar estratexias que se han de empregar en cada situación, aplicarlas, controlar o proceso, avalialo para detectar posibles erros e como consecuencia transferilo a unha nova situación.

b) Obxectivos:

- Ser consciente do funcionamento do noso cerebro, chegando a entender cal é o proceso cognitivo que nos impide traballar ben, para acadar estratexias que nos permitan aprender ben.
- Coñecer, traballar e desenvolver técnicas e diferentes procedementos de estudo en función de diferentes condicionantes persoais, en función da demanda e dos seus obxectivos e en relación cos factores externos.
- Tomar conciencia dos seus propios procesos cognitivos, antes, durante e despois da realización dun traballo.
- Aprender a planificar, regular e controlar, e tamén valorar os seus pensamentos, co obxectivo de optimizar o rendemento.
- Aprender a traballar e organizar datos e desenvolver con iso diferentes tipos de habilidades metacognitivas (observación, comparación, clasificación, representación, retención e recuperación, interpretación, inferencia e transferencia e avaliación).

c) Contidos:

- Motivación como paso previo para o desenvolvemento das técnicas de estudo.
- Técnicas para **observar**: autoobservación, observación directa, observación indirecta e búsqueda de datos.
- Técnicas para **analizar**: análise oral, análise textual (subliñado, gráficos, esquemas...) e análise visual.
- Técnicas para **ordenar**: orde alfabético, orde numérico, orde serial, orde temporal, orde espacial e orde procedimental.
- Técnicas para **clasificar**: resumo, esquemas, mapas conceptuais, redes semánticas, cadros sinópticos...
- Técnicas para **memorizar**: codificar, recoñecer, reconstruír, manter e actualizar a información.

d) Metodoloxía:

As actividades a desenvolver no ámbito das técnicas de estudo levaranse a cabo dentro da aula ordinaria pol@ maestr@ titor/a e consistirán na aplicación das técnicas anteriormente citadas a través de actividades motivantes para os nenos/as.

5.2.5.3.- PROGRAMA DE COMPRENSIÓN LECTORA:**A) OBXECTIVOS:**

- Achegar ao alumnado distintas estratexias que lles axuden a mellorar a comprensión de textos escritos
- Mellorar significativamente a eficacia e eficiencia lectora d@s nosos alumn@s.

B) METODOLOXÍA:

Para o desenvolvemento deste programa empregaremos as seguintes actividades que se levarán a cabo nunha sesión semanal. Partiremos dun texto que empregaremos para a realización de actividades do mesmo que seguirán a seguinte tipoloxía. Os textos a empregar serán de tres temáticas diferentes e centradas nos eixes temáticos do presente curso:

1º trimestre- VALORES

2º trimestre- MEDO

3º trimestre- DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE, COMERCIO XUSTO

A tipoloxía de actividades é a que segue, divididas en dous bloques diferenciados:

ACTIVIDADES DE EFICACIA LECTORA:

LE CON VELOCIDADE PARA QUE POIDAS GAÑAR	
Comprobación da velocidade lectora ao inicio do programa e despois cada mes.	
CON MEMORIA E ATENCIÓN PODERÁS SER CAMPEÓN	Lectura de textos
Ler textos en "V", outros con palabras cortadas pola metade, etc.....	
SE ENTONAS CON ATENCIÓN GAÑARÁS A COMPETICIÓN	
Actividades de lectura nas que se teña en conta o ritmo, a entonación, as pausas....	
SE MIRAS CON ATENCIÓN ATOPARÁS O QUE BUSCAS	
Con recadros con letras ou palabras e unha repetida buscaremos a que se repite.	

ACTIVIDADES DE EFICIENCIA LECTORA:

SE ACERTAS A METADE OU FAS PLENO, LEVARÁS UN BO AGASALLO	
Preguntas relacionadas co contido do texto con opción de respostas (tres ou catro)	
ESCONDIDO NESTAS FRASES HAI UN TEXTO DIVERTIDO	
A actividade consistirá en ordear frases ou anacos de texto até reconstruir o texto.	
ÉRASE QUE SE ERA... REMATAR UN CONTO PODE FACELO CALQUERA	
Continuar un conto, unha historia, facer un principio, cambiar o nudo do conto....	
COAS PALABRAS DO RECADRO, ENCHE OS ESPAZOS EN BRANCO	
Prácticas "cloze". Completar os espazos en branco coas palabras do recadro ou sen elas.	
FÍXAT E NA LISTA PORQUE SE COLARON TURISTAS	
Dunha lista de palabras que pertencen a unha mesma familia léxica imos buscar as que non sexan desta e despois faremos o "paraugas" seguindo a Teoría de Baumann.	
A partir dun mapa conceptual elaboramos o texto, ou ben ao revés.	
Resumen dun texto empregando a "mesa" para determinar ideas principais e secundarias, de acordo tamén coa Teoría de Baumann.	
"O QUE O CONTO NOS CONTOU"	
Tratase de debuxar o conto na súa totalidade segmentado en partes do mesmo, ou ben debuxar aqueles elementos máis importantes do mesmo, como: personaxes, escenario.....	

C) AVALIACIÓN:

Empregaremos un cuestionario de avaliación, no que se reflectirán os ítems máis importantes que é necesario avaliar.

5.3. -ESCOLA DE FAMILIA:

Trátase dunha actividade para a formación de "familias" en todos aqueles temas que poidan resultar do seu interese e que teñen que ver coa educación d@s nen@s dende os tres aos doce anos. Pretendemos dar resposta ás inquiredanzas que poidamos ter en canto a educación d@s nen@s.

A necesidade de pór en marcha unha "Escola de Familia" parte da crenza de que as familias son a parte máis importante na educación d@s nen@s, porque a verdadeira función educativa reside sempre no labor diario da familia.

5.3.1.- OBXECTIVOS:

- ✍ Crear un espazo de comunicación e cooperación entre nais e pais, así como outros axentes educativos, para enriquecer e dinamizar o proceso educativo d@s nos@s nen@s.
- ✍ Formar tanto @s futur@s como @s nai/pais actuais.
- ✍ Dotar aos participantes de estratexias e habilidades axeitadas para a socialización d@s nenos (establecemento de límites e normas, solución de problemas, habilidades comunicativas, etc), así como para o seu crecemento integral no grupo familiar.
- ✍ Analizar as diferentes etapas que recorre unha familia no seu ciclo vital.
- ✍ Promover o coñecemento das características evolutivas e as necesidades d@s nen@s no período evolutivo no que estamos a traballar.
- ✍ Potenciar a participación consciente e activa dos membros do grupo no proceso de ensinanza e aprendizaxe dende os distintos roles.

5.3.2.- CONTIDOS :

Os contidos serán os determinados polos mesmos membros da Escola de Familia que escolleremos na primeira reunión. Estarán relacionados con:

- O grupo familiar (etapas, crisis, solucións/alternativas...)
- Estilos educativos: como educar?
- Desenvolvemento d@s nen@s en cada idade
- Estratexias educativas a cada idade
- Situacións problemáticas (detección, intervención)
- Técnicas de modificación de conducta
- A comunicación na familia (clima, habilidades sociais...)
- Influencias n@s nen@s: medios de comunicación, publicidade, amig@s.
- Educar en valores
- Novos retos: novas tecnoloxías, drogas, trastornos alimenticios (anorexia, bulimia).

5.3.3.- METODOLOXÍA:

As sesións terán carácter mensual cunha duración aproximada de dúas horas. O día e horario decidiranse na primeira reunión. Organizaranse sempre do seguinte xeito:

- Unha charla ou exposición teórica dos contidos a traballar nesa sesión, aínda que tamén pode ser un audiovisual ou as dúas cousas.
- Un traballo en pequenos grupos sobre esa temática
- Unha posta en común entre tod@s do traballado.

5.3.4.- AVALIACIÓN:

Realizaremos unha avaliación da actividade ao finalizar cada trimestre mediante unha grella de avaliación que nos permita determinar aqueles cambios que sexa preciso facer e que permita realizar un seguimento da actividade. Avaliaranse aspectos relativos a: consecución de obxectivos individuais, metodoloxía das sesións, utilidade dos temas tratados, etc. Para iso empregaremos cuestionarios ou rexistros de avaliación.

Ao final do curso 2009-2010 realizaremos unha avaliación final que servirá de reflexión para o vindeiro curso 2010-2011.

5.4.-ACCIÓNS A DESENVOLVER POLO D.O. INCARDINADAS NO PLAN DE AUTOAVALIACIÓN E MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA "ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E EDUCACIÓN EMOCIONAL COMO ESTRATEXIAS DE CALIDADE":

5.4.1.-Actividades relacionadas coa ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A) Posta en práctica de medidas de atención á diversidade concretadas no Plan de Atención á diversidade, así como ao establecemento daquelas que serán recollidas no Plan de Orientación elaborado polo Departamento de Orientación.

B) Actividades centradas no establecemento de medidas de atención á diversidade de carácter grupal a través dos seguintes programas de intervención: Comprensión lectora, resolución de problemas e técnicas de estudo.

C) Actividades referidas á diagnose no ámbito da Orientación, sendo a avaliación das necesidades d@s nen@s non só unha avaliación cognitiva senón tamén emocional. Empregarase fundamentalmente a batería DN-CAS.

D) Actividades referidas á intervención dende as especialidades de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe non só de reforzo ou recuperación de aprendizaxes básicas ligadas a déficits cognitivos, senón tamén unha intervención propiamente emocional para aquelas dificultades cuxa orixe se sitúa neste ámbito.

5.4.2.-Actividades relacionadas coa Educación emocional, educación en valores e resolución pacífica de conflitos:

5.4.2.1.-Actividades de educación emocional (as reflectidas no PAT)

5.4.2.2.-Actividades de educación en valores:

Traballaremos valores empregando o cine como recurso didáctico, tales como os que seguen:

- | | |
|-------------------------------------|-----------------|
| ☺ Esforzo | ☺ Axuda mutua. |
| ☺ Respecto aos demais e á natureza. | ☺ Xenerosidade. |
| ☺ Amizade. | ☺ Tolerancia |
| ☺ Cooperación e colaboración | ☺ Amabilidade |
| ☺ Liberdade. | ☺ Solidariedade |
| ☺ Responsabilidade. | ☺ Compañeirismo |

5.4.2.3.- Actividades para a resolución pacífica de conflitos:

A) Actividades de comprensión dun conflito: explicación e escoita activa dos mesmos, aceptar as diferentes formas de interpretar a realidade, e valorar as diferentes opcións para chegar a un consenso.

B) Actividades de expresión de emocións e sentimentos: aprendendo a valorar os sentimentos doutras persoas, aprendendo a valorarse a un mesmo, dándose conta da importancia de ser valorado positivamente..

C) Actividades para desenvolver habilidades de pensamento: distinguir os puntos de vista propios dos puntos de vista alleos, construír acordos mediante a participación de todo o grupo, chegar a consensos en relación cun tema no que existen diferentes posicionamentos.

D) Actividades para fomentar a convivencia pacífica: valorar a amizade e a importancia de coidar as relacións, comprender as posibles inxustizas que xera a discriminación, darse conta da influencia negativa do espírito competitivo orientado a gañar ou perder.

6. - ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN:

Partimos da idea de que o Departamento de Orientación debe enfocarse dende a colaboración, tratando de axudar á comunidade educativa e amosando sempre una boa dispoñibilidade a calquera iniciativa proposta tanto dende as titorías como polo resto de profesor@s, alumn@s ou familias.

Por outra banda, as intervencións en orientación teñen que se desenvolver no marco da concepción educativa e curricular. Dende esta premisa a intervención do departamento forma parte do currículo, entendido este como oferta educativa integral, dirixida a todos os aspectos da aprendizaxe e maduración da personalidade do alumnado.

Tamén temos en conta que as tarefas de orientación do departamento se dirixen fundamentalmente @s alumn@s, suxeitos activos da súa propia educación.

Porén, o referente básico d@ alumn@ non esixe que a intervención estea sempre centrada no caso individual; ao contrario, a perspectiva da intervención procurará ser global ou sistémica, polo efecto multiplicador que produce.

Consideramos que un modelo axeitado de intervención é o que desenvolve programas (o Plan de Acción Titorial e o Plan de Apoio ao proceso de Ensino-Aprendizaxe, poden considerarse como tales, en sentido amplo).

7. - TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO:

Establecemos a seguinte división temporal das actividades propostas polo Departamento:

➤ Setembro:

- Detección das necesidades específicas de apoio educativo que existen no centro así como nos centros adscritos.
- Análise das necesidades e establecemento dos horarios, de coordinación da Xefatura do Departamento, de atención ao alumnado con n.e.a.e. por parte da profesora de Pedagogía Terapéutica do CEP Pilar Maestú Sierra, tendo en consideración o carácter flexible do mesmo, así como da especialista de Audición e Linguaxe.
- Proposta de actuacións a levar a cabo con este alumnado e programas de intervención propostos para o seu desenvolvemento.
- Elaboración de informes psicopedagóxicos do alumnado procedente doutras comunidades adoptando as medidas máis axeitadas ás súas necesidades.
- Elaboración do Plan de Orientación do Departamento.
- Concreción dos Programas de Intervención establecidos no PAT, incardinados no Plan de Convivencia do Centro.

➤ De Outubro a Maio:

- Elaboración das avaliacións psicopedagóxicas e os correspondentes informes psicopedagóxicos para aquel@s alumn@s que se considere necesario.
- Colaboración na elaboración de Adaptacións Curriculares, na toma de decisións sobre as mesmas, así como na adaptación de horarios para a posta en marcha das que se vaian realizando ao longo do curso.

- Axuda e atención directa no desenvolvemento de programas de intervención para alumnado con n.e.a.e., cando así se precisen.
 - Participación nas sesións de avaliación ordinarias de todo o alumnado do centro co fin de determinar as posibles necesidades que poidan ir xurdindo ao longo do curso.
 - Participar nas sesións de seguimento das adaptacións curriculares para ver a necesidade de modificación das medidas propostas, ou a toma de decisións máis axeitada que dea resposta ás necesidades d@ nen@.
 - Elaboración se é o caso dos informes necesarios de solicitude de flexibilización da duración do periodo de escolarización para o alumnado con n.e.a.e..
 - Desenvolvemento do PAT, a través da facilitación @s titor@s do material necesario para aplicar este na aula, así como dinamización do Plan de Convivencia do Centro, que neste curso se concretarán ou formaran parte do Plan de Autoavaliación e Mellora da Calidade.
 - Presentación e información sobre a "Escola de Familia", así como a súa posta en marcha ao longo deste curso académico.
 - Deseño e desenvolvemento das actividades propias establecidas no Plan de Autoavaliación e Mellora da Calidade Educativa.
 - Participación na "Comisión da Avaliación de Diagnóstico" e colaboración coa Dirección do centro en todos aqueles aspectos que sexan necesarios.
- Maio-Xuño:
- Avaliación dos programas ou plans propostos.
 - Participación nas sesións de avaliación final do alumnado.
 - Establecemento das posibles necesidades coas que nos podemos atopar no vindeiro curso 2010-2011.
 - Elaboración da Memoria Final do Departamento.

8.- AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN:

Os criterios de avaliación do Plan veñen marcados polo grao de cumprimento dos obxectivos sinalados no mesmo e polo resultado das actividades deseñadas para desenvolver nos dous ámbitos, no proceso de ensino-aprendizaxe e na función titorial.

A avaliación do Plan efectuarase mediante o seguimento do mesmo por parte do departamento. Tal como se recolle na normativa legal vixente, farase alomenos unha reunión trimestral para o seguimento do citado Plan. Tamén nas reunións semanais dos membros do departamento se valorarán as actividades que se vaian levando a cabo ao longo do curso escolar.

9.-PROGRAMACIÓN AUDICIÓN E LINGUAXE



Dende a unidade de Audición e Linguaxe desenvolveranse as accións necesarias para atender as necesidades específicas de apoio educativo (n.e.a.e.) dos centros entre os que é compartida esta praza. O centro base: C.E.P. Pilar Maestú Sierra de Cadreche e as catro escolas de Educación Infantil: a E.E.I do Campo (Angustia), a E.E.I. da Ribeiriña-Conchido, a E.E.I. do Vilariño (O Maño) e a E.E.I. da Granxa (Santa Cruz).

MARCO LEXISLATIVO:

A presente programación amparase baixo a Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación (LOE) a nivel estatal e aqueles documentos lexislativos de orde autonómica desenvolto ata o momento, incluída a Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.

OBXECTIVOS XERAIS EN RELACIÓN AOS ASPECTOS ORGANIZATIVOS DA INTERVENCIÓN COS ALUMN@S CON N.E.A.E.

- Definir o campo de actuación:
 - ❖ Revisar a documentación existente sobre @s alumn@s con n.e.a.e. (Informes psicopedagóxicos, médicos, titoriais e expedientes académicos).
 - ❖ Identificar as necesidades concretas d@s alumn@s con respecto ao campo da audición, da linguaxe e da comunicación.
- Establecer os niveis de competencia curricular e as necesidades educativas de cada alumn@:
 - ❖ Levar a cabo as valoracións pedagóxicas iniciais.
 - ❖ Colaborar no proceso de avaliación e identificación de necesidades educativas.
 - ❖ Coordinarse cos distintos membr@s da comunidade educativa.
 - ❖ Definir, en colaboración cos membr@s do Departamento de Orientación e @s titor@s implicad@s a organización funcional do traballo individualizado d@ alumn@ e os programas de traballo individuais.
 - ❖ Establecer o traballo a levar a cabo con cada alumn@.
 - ❖ Seleccionar os horarios mais axeitados para cada alumn@ en función dos seus horarios das aulas ordinarias, das posibilidades do seu rendemento e da dispoñibilidade da aula de Audición e Linguaxe, tendo en conta os seguintes criterios xerais:
 - ✚ Os apoios realizaranse preferentemente na aula de audición e linguaxe, mediante "intervencións específicas" (Art. 19º. Orde do 27/12/2002) en sesións temporalizadas de apoio logopédico específico, estratexias de aprendizaxe concretas, etc...).
 - ✚ Priorizaránse as primeiras horas da xornada para o alumnado de menor idade.
 - ✚ Teráse en conta que @s nen@s non deben saír da aula ordinaria nas sesións das especialidades de Educación Física, Música, Inglés e Plástica.
 - ✚ O horario da aula de A.L. será flexible para adaptarse ás modificacións que vaian xurdindo no alumnado (incorporacións e cesamento das intervencións) e nas súas necesidades cambiantes.

- ❖ Coordinarse no establecemento de contidos curriculares das diferentes etapas educativas.
- ❖ Colaborar nas propostas para a elaboración de ACS para @s alumn@s que as precisen.
- Definir aspectos metodolóxicos:
 - ❖ Realizar o inventario dos materiais existentes na aula de A. L. e solicitar os que se consideren necesarios.
 - ❖ Concretar os métodos e estratexias de intervención que se van empregar en cada caso individual.
 - ❖ Seleccionar, investigar e elaborar materiais didácticos individuais e colectivos, así como instrumentos de rexistro a cumprimentar pol@ titor@ e pol@s propi@s alumn@s co fin de controlar o proceso de Ensino/Aprendizaxe.
- Colaborar c@s titor@s e outro profesorado e profesionais de apoio nas tarefas de:
 - Información e orientación ás familias.
 - Avaliación e decisións sobre promoción.
 - Coordinación no traballo co alumnado con n.e.a.e.
 - Colaborar c@s titor@s para levar a cabo tarefas de Reforzo Educativo, programas de modificación de conducta, etc..., dentro da aula ordinaria.
 - Establecer liñas de cooperación a través do Departamento de Orientación para facer eficaz e axilizar o proceso de valoración, de coñecemento da información e a orientación aos titor@s correspondentes.
 - Avaliar a adecuación das intervencións.

OBXECTIVOS XERAIS CARA O ALUMNADO:

- Promover e favorecer o seu desenvolvemento persoal, intelectual, físico, lingüístico e social.
- Potenciar as aprendizaxes básicas relacionadas co ámbito comunicativo-lingüístico:
 - ✓ Valorar a importancia da linguaxe como medio de comunicación.
 - ✓ Valorar e incidir no desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo-emocional e social d@s alumn@s con n.e.a.e.
 - ✓ Adquirir unha actitude cooperativa.
 - ✓ Iniciar na aprendizaxe e dominio da lectoescritura.
 - ✓ Xeneralizar as aprendizaxes do ámbito comunicativo-lingüístico: dramatizacións, cancións, trabalinguas, adiviñas e xogos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA INTERVENCIÓN C@S ALUMN@S CON N.E.A.E.

- ✓ Mellorar os conceptos cognitivos básicos (atención, percepción, memoria e razoamento) así como a m.c.p.
- ✓ Potenciar a relaxación global e segmentaria (órganos que inciden na fala).
- ✓ Conseguir unha correcta respiración costo-diafragmática-abdominal, co aumento da capacidade torácica-pulmonar e do control do sopro espiratorio-bucal.

- ✓ Mellorar a discriminación auditiva e fonemática, e a memoria auditiva secuencial (sons, fonemas, palabras e frases).
- ✓ Mellorar a tonicidade e mobilidade dos órganos fonoarticulatorios (praxias bucolinguofaciais, maxilares e velares) para unha axeitada articulación fonemática.
- ✓ Mellorar a comprensión e expresión oral e escrita.
- ✓ Iniciar, adquirir e mellorar a lectoescritura.
- ✓ Dominar hábitos básicos de autonomía, autoestima e de conduta persoal.
- ✓ Xeneralizar as aprendizaxes obtidas a outros contextos e situacións socio-comunicativas.

CONTIDOS ESPECÍFICOS DE AUDICIÓN E LINGUAXE:

- ⊗ Bases funcionais dos órganos da linguaxe: relaxación, respiración, sopro, percepción e discriminación auditiva e fonemática, órganos da fonación, da audición e da propia voz.
- ⊗ Dimensións da linguaxe:
 - ✓ Forma: compoñentes fonético-fonolóxico e morfosintáctico.
 - ✓ Contido: Compoñente semántico.
 - ✓ Uso: Compoñente pragmático.
 - ✓ Procesos de codificación e decodificación lingüística, comprensión e expresión de mensaxes orais e escritas.
 - ✓ A conciencia fonolóxica: léxica, silábica e fonémica.

Para ofrecer unha resposta educativa axeitada á diversidade de alumnado, seleccionaráse en cada intervención educativa aqueles obxectivos e contidos imprescindibles para aqueles aprendizaxes posteriores e que van a contribuir ao desenvolvemento das Competencias Básicas (CC.BB.).

Terase en conta o grao de dificultade d@ alumn@ no momento de establecer a secuenciación dos contidos e tarefas nun grao de dificultade. Esta selección de obxectivos estará recollida nos Programas de Intervención Individuais para cada alumn@ que o precise, así como a metodoloxía específica en cada caso particular, xunto cos recursos e materiais a empregar.

TEMPORALIZACIÓN:

Cada Programa de Intervención Específico conta cunha temporalización concreta e adaptada ao alumn@. Seguiranse as seguintes pautas xerais na regulación de tempos:

1º Trimestre:

- ⊗ Avaliación inicial do alumnado e identificación de necesidades.
- ⊗ Deseño da intervención e inicio do desenvolvemento dos obxectivos concretos.

2º Trimestre:

- ⊗ Avaliación continúa do alumnado, da práctica docente e da adecuación dos programas aos obxectivos programados, e realizar as modificacións oportunas cando sexa necesario.
- ⊗ Valoración da adecuación dos obxectivos, a metodoloxía, recursos, etc. propostos para cada alumn@.

3º Trimestre:

- ⊗ Avaliación dos logros acadados e elaboración dos informes que corresponda, así como definir os obxectivos non conseguidos.

Ao longo do curso, as sesións semanais previstas para a atención ao alumnado con n.e.a.e. pola mestra de A.L. especificanse a continuación na aplicación dos programas anuais plantexados para este curso en cada centro de atención da A.L.

APLICACIÓN DE PROGRAMAS PARA O CURSO 2009/10:

C.E.P. Pilar Maestú Sierra:

Ⓢ Programa de Desenvolvemento Comunicativo-Lingüístico:

Este programa recolle a aplicación dos distintos Programas de Intervención Individuais con cada alumn@ dende o campo da Audición, da Linguaxe e a comunicación, dende unha perspectiva global, a pesares de que cada Programa Individual será especificado pola mestra de A.L. noutro documento de traballo personalizado.

Obxectivos Xerais:

- ✚ Desenvolver a comunicación consigo mesmo e nas interrelacións cos demais seres vivos a través dos diversos canles comunicativos: oral, xestual-mímico, corporal, escrita, debuxo, pintura, musical, identificación e expresión de sentimentos, a través dos sentidos...
- ✚ A adquisición das Competencias Básicas (CC.BB.) a través dos 4 compoñentes da linguaxe (fonético-fonolóxico, léxico-semántico, morfosintáctico e pragmático).

Contidos:

- ✚ A "comunicación aumentativa": as capacidades comunicativas.
- ✚ Os componentes da linguaxe.
- ✚ Os prerequisites cognitivos básicos.
- ✚ A Intelixencia emocional.
- ✚ Modulación de condutas.
- ✚ Xeneralización das aprendizaxes.

Metodoloxía:

- ✚ Estimulación polisensorial dos distintos ámbitos comunicativo-lingüísticos adaptándose ás dificultades e necesidades de cada alumn@.
- ✚ Crear un ambiente axeitado: cómodo, estimable, espazo adaptado, materiais acordes ás actividades e ao alumn@ e á situación comunicativa.
- ✚ Potenciación da autoestima e a emocionalidade positiva.

Avaliación:

- ✚ Valoración trimestral da adecuación do programa ao alumn@;
- ✚ As estratexias metodolóxicas foron axeitadas ou non ao alumn@;
- ✚ A práctica docente da mestra no seu desenvolvemento.
- ✚ Os resultados obtidos positivos ou inefectivos para os alumn@s.
- ✚ Modificacións do programa e aspectos a incluír.

Ⓢ Programa de Intervención para a corrección de Alteracións Articulatorias:

Este programa inclúe a práctica logopédica derivada das distintas alteracións articulatorias na linguaxe oral, que se define como un conxunto de estratexias, técnicas, instrumentos e procedementos concretos para a rehabilitación e corrección dos fonemas con articulación defectuosa (dislalias fonéticas e/ou fonolóxicas).

Obxectivos Xerais:

- + Desenvolver/ potenciar a respiración e relaxación.
- + Desenvolver/ potenciar o sopro e o ritmo.
- + Desenvolver/ potenciar a discriminación auditiva e fonemática.
- + Desenvolver/ potenciar a motricidade buco-linguo-facial.
- + Articular o fonema-problema na linguaxe dirixida.
- + Afianzamento da articulación do fonema-problema na linguaxe espontánea.

Contidos:

- + Compoñente fonético-fonolóxico.
- + Motricidade e coñecemento dos órganos anatómicos da fala.
- + Articulación e adquisición fonético-fonolóxica.
- + Contextos comunicativo-lingüísticos.
- + A expresión oral/xestual/artística.
- + O componente léxico-semántico.

Metodoloxía:

- + Vivencia e percepción dos distintos órganos anatómicos do noso corpo, especialmente dos órganos bucofonatorios.
- + Vivencia e percepción dos nosos sentidos.
- + Conciencia da relaxación e respiración e motricidade do noso corpo.
- + Coñecemento e realización de técnicas estratéxicas para a exercitación dos órganos que interveñen na fala.
- + Contexto especialmente lúdico.
- + Identificación de contidos emocionais proxectados nos diferentes órganos da fala.

Avaliación:

- + Valoración trimestral dos aspectos do programa ao alumn@.
- + Estratexias de intervención logopédica.
- + Práctica docente na aplicación de técnicas vocais, temporalizacións e metodoloxía específica.
- + Logros e/ou aspectos a conseguir e/ afianzar na fala.
- + Suxerencias e modificacións do programa.
- + Coordinacións cos membros implicados na rehabilitación do alumn@.

ALUMNADO CON N.E.A.E:

- 1º curso do 1º ciclo da Educación Primaria: 2 alumnos con 2 sesións semanais de 25 minutos cada un (Disglosia, dislalias funcionais e alteracións simples da linguaxe).
- 2º curso do 1º ciclo da Ed. Primaria: 3 alumnos con 2 sesións semanais de 25 minutos cada un (Dislalias funcionais, inmadurez articulatoria e TDAH).
- 1º curso do 2º ciclo de Ed. Primaria: 2 alumnos con 2 sesións semanas de 25 minutos cada un (Dislalias funcionais, dislexia e TDAH).
- 1º curso do 3º ciclo de Ed. Primaria: un alumno con 2 sesións semanais de 20 minutos (Disfonía crónica).

Escolas de Educación Infantil de: Angustia, Ribeiriña-Conchido, Vilariño e A Granxa:

Ⓢ **Programa de Estimulación da Linguaxe Oral nas etapas de Educación Infantil:**

Este programa promove a adquisición do sistema lingüístico a través da estimulación dos distintos componentes lingüísticos e tamén daqueles aspectos que inflúen nestes. O programa compónse dunha serie de aspectos a traballas cos alumn@s de idades temperás (3-5 anos) nas etapas de Ed. Infantil para axilizar e conducir os procesos e etapas prelingüísticas e lingüísticas d@s nen@s, favorecendo a conxunción da linguaxe oral, os procesos cognitivos, a comunicación e a socialización, en definitiva o desenvolvemento global d@ nen@.

Obxectivos Xerais:

- + Coñecer o esquema corporal.
- + Potenciar a coordinación dinámica e o equilibrio.
- + Potenciar a discriminación auditiva.
- + Potenciar a discriminación visual.
- + Desenvolver a coordinación óculo-manual.
- + Desenvolver a organización espacial e temporal.
- + Desenvolver a relaxación.
- + Potenciar unha respiración axeitada.
- + Dominar o control do sopro espiratorio bucal e o ritmo corporal e musical.
- + Desenvolver a motricidade fina.
- + Potenciar a motricidade buco-facial (estimulación dos músculos bucofonatorios que interveñen na fala e coordinación dos sistemas respiratorio, fonatorio e articulario).
- + Adquirir hábitos de hixiene vocal, alimentación, bebida e vestido.
- + Dominar actividades da linguaxe comunicativa: imitación xestual, cancións, retahílas, expresións de sentimentos, ideas, desexos, xogos de expresión...
- + Desenvolvemento de capacidades lingüísticas: identificación, nomeamento e descripción de obxectos, persoas, accións...; seguemento de ordes, responder e formular preguntas, expresión de ideas, sentimentos a través de frases, estruturación e secuenciación de historietas (comprensión e expresión).

Contidos:

- + Os prerequisites cognitivos básicos (atención, percepción, memoria e razoamento).
- + O noso corpo en xeral e os órganos da fala concretamente.
- + Os prerequisites prelingüísticos e lingüísticos (respiración, relaxación, sopro, contacto visual e observación, percepción e discriminación auditiva e fonemática, imitación xestual, motricidade bucofacial e ton muscular, articulación e expresión, comprensión de mensaxes orais, vocabulario e sociabilidade).

Metodoloxía:

A metodoloxía seguirá os criterios dos 2 programas anteriores, aínda que adaptada á idade e contidos d@s alum@s da Ed. Infantil, baseada en ambientes exclusivamente lúdicos e de

experiencias vivenciais a partir do noso corpo, potenciando a autoestima e o autoconcepto, minimizando os fracasos e enfatizando os logros.

Avaliación:

A avaliación será global ao final do desenvolvemento de dito programa, aínda que terá unha avaliación contínua da súa aplicación sobre: os contidos, a secuenciación destes, a práctica docente, a súa efectividade inmediata e tamén a longo prazo, as modificacións a incluír ou eliminar, etc...

Na avaliación final concretaránse o alumnado que necesitará apoio no vindeiro curso por non ser suficiente a aplicación deste programa anual.

Este programa levaráse a cabo ao longo do curso 2009/10, cunha sesión grupal e semanal en cada unha das Escolas de Ed. Infantil de: Vilariño (19 alumn@s de 3 anos), na E.E.I. da Ribeiriña-Conchido (8 alumn@s de 3,4 e 5 anos); na E.E.I. da Angustia (19 alumn@s de 3,4 e 5 anos. Estimulación en 4 anos); e na E.E.I. da Granxa (8 alumn@s de 4 e 5 anos).

ALUMNADO CON N.E.A.E:

E.E.I. da Ribeiriña-Conchido:

- + Programa de Estimulación Lingüística oral: que se levará a cabo os mércores na aula de Educación Infantil nas idades 3, 4 e 5 anos (8 alumn@s), cunha temporalización dunha sesión semanal durante todo o curso escolar.
- + Programa Individualizado para unha alumna de 5 anos cunhas n.e.a.e. asociadas a discapacidade mental e outras alteracións conxénitas, de 4 sesións semanais.
- + Programa Individualizado para un alumno de 5 anos cunhas N.E.A.E. asociadas a retraso simple da linguaxe, cunha temporalización de 2 sesións semanais.
- + Programa Individualizado para un alumno de 5 anos cunhas N.E.A.E. asociadas a alteracións da fala, cunha temporalización de 2 sesións semanais.

E.E.I. do Campo (Angustia):

- + Programa de Estimulación Lingüística oral: que se levará a cabo os luns na aula de Educación Infantil nas idades 3, 4 e 5 anos (19 alumn@s), cunha temporalización dunha sesión semanal durante todo o curso escolar.
- + Programa Individualizado para un alumno de 5 anos cunhas N.E.A.E. asociadas a alteracións da fala, cunha temporalización de 2 sesións semanais.
- + Programa Individualizado para un alumno de 5 anos cunhas N.E.A.E. asociadas a alteracións da fala, cunha temporalización de 2 sesións semanais.

E.E.I. de Vilariño (O Maño):

- + Programa de Estimulación Lingüística oral: que se levará a cabo os venres na aula de Educación Infantil en 3 anos (19 alumn@s), cunha temporalización dunha sesión semanal durante todo o curso escolar. (Entre os alumnos convén recalcar a estimulación nun alumno con lingua materna chinesa e outro con alteracións disfémicas).

E.E.I. da Granxa (Santa Cruz):

- + Programa de Estimulación Lingüística oral: que se levará a cabo os mércores na aula de Educación Infantil en 3, 4 e 5 anos (8 alumn@s), cunha temporalización dunha sesión semanal durante todo o curso escolar.

AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO:

A avaliación vai dirixida a mellorar os procesos de ensino e aprendizaxe, baseada na reflexión e análise da práctica e nos mecanismos e criterios que permitan unha valoración continua. Será realizada polos mestres implicados nas sesións de coordinación e avaliación establecidas. Os obxectivos da avaliación son os seguintes:

- ✓ Coñecer e valorar en qué medida se logran os obxectivos propostos.
- ✓ Mellorar o deseño da intervención educativa.
- ✓ Adecuación dos obxectivos xerais ás necesidades do alumnado.
- ✓ Secuenciación dos contidos en grao de complexidade.
- ✓ Adaptación das estratexias e criterios de avaliación.

A avaliación será continua, global, formativa e personalizada, como o propio programa de intervención individual con cada alumn@ en concreto. Centrarase na consecución dos obxectivos propostos neste, introducindo as modificacións oportunas no momento que se necesite ou cando progreso d@ alumn@ non sexa o axeitado.

A observación tanto directa como a indirecta será a técnica básica de avaliación, considerada como un proceso continuo ao longo da intervención, aínda que podemos diferenciar tres momentos: a valoración inicial, na que se baseará a intervención educativa, a avaliación continua, ao longo de todo o proceso, e a avaliación final na que se terán en conta os datos obtidos anteriormente e que serán a referencia para a continuación e programación de novos obxectivos da nosa intervención.

Empregaránse diferentes técnicas, estratexias e instrumentos. Realizaránse entrevistas coas familias que permitan cumprimentar a información obtida no contexto escolar. Para sistematizar e recoller esta información utilizaránse fichas de seguemento individual, diarios de clase,... documentos que recollerán expresamente os obxectivos, o proceso no logro dos mesmos, as dificultades que vaian xurdindo e as súas causas, as medidas adoptadas e calquera observación que se considere pertinente.

9.-PROGRAMACIÓN PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA



Durante este curso 09-10 dende a aula de Pedagogía Terapéutica daráselle resposta educativa a@s alumn@s dos diferentes niveis e ciclos do centro que requiran dunha atención máis específica e individualizada.

As áreas que, en principio, se van traballar co alumnado, e dependendo das necesidades de cada un, son basicamente as áreas instrumentais (matemáticas, lingua castelá e lingua galega), facendo especial fincapé nos procesos cognitivos (simultáneo, secuencial, planificación e atención), dado que os consideramos esenciais no proceso de ensino-aprendizaxe.

A maioría das intervencións levaranse a cabo na aula de apoio, formando grupos de reducido número de alumn@s do mesmo nivel educativo ou de alumn@s con nivel de competencia curricular semellante. No caso dos alumnos do 1º nivel do 3º ciclo o RE será dentro da aula ordinaria, onde se reforza os aspectos traballados na aula.

Sempre se intentará manter a axeitada coordinación e colaboración c@s diferentes mestres implicados nos seus procesos educativos.

I. - OBXECTIVOS XERAIS:

Como mestra de PT propóñome acadar os seguintes obxectivos:

- Establecer canles de colaboración con toda a comunidade educativa implicada no desenvolvemento d@s alumn@s con n.e.a.e..
- Facilitar a axeitada integración do alumnado con n.e.a.e. no centro.
- Ofrecer atención específica e individualizada a aqueles alumnos que polas súas necesidades así o requiran.
- Traballar os procesos cognitivos implicados na aprendizaxe (planificación, simultáneo, atención e secuencial).
- Fomentar o desenvolvemento das aprendizaxes instrumentais básicas.
- Contribuír ao axeitado desenvolvemento emocional do alumnado.
- Potenciar a xeneralización do aprendido a outros contextos.

II. - PLANIFICACIÓN XERAL DAS ACTIVIDADES:

As actividades planifícanse partindo das necesidades educativas d@s alumn@s c@s que se vai traballar, que nun principio e de forma resumida son:

Alumn@	Ciclo/nivel	Necesidades educativas
A.	1º ciclo/2º nivel	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar os procesos cognitivos (simultáneo, secuencial, planificación e atención) - Adquirir os hábitos básicos de traballo individual. - Adquirir o proceso lectoescritor. - Mellorar as habilidades matemáticas básicas.

B.	1º ciclo/2º nivel	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar os procesos cognitivos (simultáneo, secuencial, planificación e atención) - Aumentar a autonomía e a confianza en si mesmo - Seguir adquirindo o proceso lectoescritor. - Afianzar os procesos matemáticos básicos.
J.	1º ciclo/2º nivel	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar os procesos cognitivos (simultáneo, secuencial, planificación e atención) - Adquirir os hábitos básicos de traballo individual. - Afianzar o proceso lectoescritor.
S.	2º ciclo/1º nivel	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar os procesos cognitivos (simultáneo, secuencial, planificación e atención) - Afianzar o proceso lectoescritor. - Aumentar a confianza en si mesmo.
A.	2º ciclo/2º nivel	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar os procesos cognitivos (simultáneo, secuencial, planificación e atención) - Mellorar a lectura comprensiva - Mellorar a expresión escrita - Adquirir unha maior confianza en si mesma.
L.	2º ciclo/2º nivel	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar os procesos cognitivos (simultáneo, secuencial, planificación e atención) - Mellorar as habilidades lingüísticas básicas: comprensión e expresión oral e escrita. - Mellorar as habilidades matemáticas básicas. - Mellorar o razoamento matemático.
V.	2º ciclo/2º nivel	<ul style="list-style-type: none"> - Reforzar as aprendizaxes instrumentais básicas. - Adquirir un nivel adecuado de motivación que lle permita seguir avanzando no proceso de E-A.
M.	3º ciclo/1º nivel	<ul style="list-style-type: none"> - Reforzar as aprendizaxes instrumentais básicas.
E.	3º ciclo/1º nivel	<ul style="list-style-type: none"> - Reforzar as aprendizaxes instrumentais básicas.
J.	3º ciclo/2º nivel	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar os procesos cognitivos (simultáneo, secuencial, planificación e atención) - Adquirir as aprendizaxes instrumentais básicas recollidas na ACI - Mellorar as habilidades lingüísticas básicas: comprensión e expresión oral e escrita. - Mellorar o razoamento matemático.

III.- PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN:

Desde a aula de Pedagogía Terapéutica levaranse a cabo c@s diferentes alumn@s os seguintes programas para a consecución dos obxectivos anteriormente mencionados:

- **Programa para mellorar a comprensión lectora**, co que nos propoñemos:
 - Fomentar a adquisición de novo vocabulario, comprensivo e expresivo,
 - Narrar feitos, acontecementos, vivencias... de acordo cunha sucesión temporal lóxica.
 - Optimizar o ritmo, velocidade, entoación e comprensión lectora.
 - Chegar a un axeitado desenvolvemento grafo-motriz.
 - Alcanzar un axeitado nivel de escritura: axeitada conversión fonema-grafema, estruturación adecuada de frases coherentes, composición adecuada de diferentes tipos de textos, etc
- **Programa para mellorar os procesos cognitivos: planificación, atención, simultáneo e secuencial**, co fin de:
 - Potenciar un adecuado desenvolvemento dos procesos cognitivos que permitan afrontar as diferentes aprendizaxes
- **Programa de autonomía psicomotriz**, para:
 - Adquirir a maduración necesaria que permita acadar a maior autonomía posible.
 - Conseguir a coordinación adecuada dos diferentes movementos necesarios na adquisición das diferentes aprendizaxes.
- **Programa de desenvolvemento das habilidades matemáticas básicas**, co propósito de:
 - Potenciar un axeitado desenvolvemento lóxico matemático.
 - Adquirir e dominar a numeración e o cálculo operatorio.
 - Desenvolver a suficiente capacidade de comprensión e razoamento matemático que permita a resolución de problemas.
 - Adquirir contidos topolóxicos, xeométricos e do sistema de medidas.

IV.- PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

O proceso de ensino-aprendizaxe seguirá os seguintes requisitos:

- Comezar creando un clima de seguridade e confianza.
- Mostrar un especial interese pola motivación, intentando esperta n@ alumn@ a curiosidade e as ganas de aprender.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades.
- Utilizar unha linguaxe sinxela, clara e estruturada.
- Proporcionar toda a axuda e instrucións necesarias para ir eliminándoas paulatinamente ata que consigan traballar coa maior autonomía posible.
- Establecer unha secuencia gradual de actividades, sen pasar ás máis complexas antes de ter adquirido as máis sinxelas e tendo en conta a Zona de Desenvolvemento Próximo.
- Priorizar a construción de aprendizaxes significativos e funcionais.
- As actividades serán curtas e variadas para que non cansen @s nen@s.
- Recorreráse con frecuencia ás actividades lúdica
- Facilitarase a xeneralización a outros contextos.

V. - TEMPORALIZACIÓN

Esta programación levarase a cabo ao longo de todo este curso educativo 09/10. O horario de traballo con cada alumno/a será variable en función das necesidades individuais de cada un, variando entre 2 a 7 sesións semanais.

Esta organización inicial será flexible, faranse todas aquelas modificacións que se consideren pertinentes ao longo do curso, ben motivadas polo ritmo da evolución dos aspectos traballados como pola detección de novas necesidades.

VI. - AVALIACIÓN

A avaliación contará principalmente de tres momentos: inicial, continua e final. Será un proceso continuado no cal estas tres fases da avaliación serán encadeadas e non como algo puntual e illado:

- a) **Avaliación inicial**, para ver o punto de partida de cada neno/a (capacidades adquiridas en relación os obxectivos curriculares, estilo de aprendizaxe, as dificultades...) e analizar todas as variables que poidan influír na nosa decisión e así elaborar a programación que se vai levar a cabo con cada alumno/a.
- b) **Avaliación continua**, que se levará a cabo a partir da realización das actividades propostas anteriormente, xa que nos darán información sobre o grado de aprendizaxe dos alumnos/as e sobre as dificultades que van presentando á hora de realizalas; o que nos vai permitir establecer as modificacións oportunas. Ao final de cada trimestre farase e enviarase ás familias o informe de avaliación establecido polo DO
- c) **Avaliación final** das intervencións, que nos vai permitir comprobar o grado de adquisición dos obxectivos da programación.

A avaliación non abarcará só ao alumnado co que se traballa, senón que se estenderá tamén ao profesorado e a súa práctica educativa que deberá ser obxecto de revisión continua para poder introducir as modificacións que se estimen oportunas.